

# **BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 28 DE FEBREIRO DE 2013.**

## **ASISTENTES:**

### Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

### Concelleiros:

D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

Dna. Isabel Sesar Otero

### Secretaria-Interventora:

D.<sup>a</sup> Anabel Corral Corral

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:20 horas do día vinte e oito de febreiro de 2013, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Anabel Corral Corral.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

## **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES.**

Cofeidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 27/12/2012, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade

### **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 27/12/2012.

## **2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO.**

### **2.1.- ESCRITOS OFICIAIS**

#### **2.1.1 RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE APROBACIÓN MODIFICACIÓN VIXENCIA DO CONVENIO FORMALIZADO O 20 DE XULLO DE 2012.**

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada pola Deputación Provincial da Coruña, servizo de patrimonio e contratación, rexistro de entrada n<sup>o</sup>. 241 con data 19/02/2013 na que se comunica a aprobación da modificación da vixencia do convenio formalizado entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boimorto para financiar a execución das obras de mellora do entorno do albergue de Baiuca en documento administrativo n<sup>o</sup> 105/2012 de 20 de xullo de 2012 ata o 31 de outubro de 2013.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

#### **2.1.2.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE APROBACIÓN E CONTRATACIÓN POS 2013**

Pola secretaria dáse lectura a circular remitida a este Concello pola Deputación Provincial, Sección de Plans Provinciais, rexistro de entrada 298 en data 26/02/2013, para contratar as obras

incluídas no Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2013, así como o anexo I no que se relacionan as obras que se poden contratar ao estar aprobadas definitivamente como é o caso da obra “Mellora de camiños en Santalla, Fornelos, Igrexa e outros” cun presuposto de 47.639,59 euros e as obras sometidas ao cumprimento dalgunha condición suspensiva como é o caso da obra “Mellora verquido depuradora Lobomorto (Arceo)” cun presuposto de 30.812,12 euros que falta o documento acreditativo da obtención da autorización do Organismo Autónomo de Augas de Galicia.

Así mesmo se acompaña anexo II coa subvención aplicada a gastos correntes: 117.677,57 euros. Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan iniciar os trámites de contratación da obra aprobada definitiva pola Deputación Provincial.

### **2.1.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN PAGO DO 50% DO IMPORTE DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA SERVIZOS SOCIAIS 2012**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de servizos sociais, rexistro de entrada nº 217 en data 14/02/2013, no que se notifica a resolución de aboamento do 50% do importe da subvención outorgada ao abeiro da convocatoria publicada no BOP nº 35 de data 20 de febreiro de 2012, correspondente ao exercicio 2012, para servizos sociais 2012. Obxecto da subvención: maiores activos. Importe a aboar: 1.219,29 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.4.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN PAGO DO 50% DO IMPORTE DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE ENVELLECIMENTO ACTIVO PARA AS PERSOAS MAIORES ANO 2012**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de servizos sociais, rexistro de entrada nº 271 en data 22/02/13, no que se notifica a resolución de aboamento do 50% do importe da subvención outorgada ao abeiro da convocatoria publicada no BOP nº 35 de data 20 de febreiro de 2012, correspondente ao exercicio 2012, para a realización de proxectos de envellecemento activo para as persoas maiores ano 2012. Obxecto da subvención: Proxecto de termalismo social. Importe a aboar: 3.000,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.5.- CERTIFICACIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA CANTIDADE A TRANSFERIR POLA PRESTACIÓN AXUDA NO FOGAR**

Pola secretaria dáse conta da certificación enviada polo Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada no concello co nº 149 con data 01/02/2013, da cantidade que se liquidará e transferirá a este Concello correspondente ao 4º trimestre de 2012 pola prestación de axuda no fogar: 16.619,11 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.6.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR SOLICITANDO O REINTEGRO SUBVENCIÓN SOBRENTE EXPTE: TR351B 2010/39.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada nº. 184 en data 06/02/2013 no que se comunica que este concello debe reintegrar a cantidade sobranante de 3.283,24 euros da subvención concedida ao abeiro

da Orde do 7/09/2010 (D.O.G. Do 15/09/2010), para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2010.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as e aproban dito reintegro.

**2.1.7.- ESCRITO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURA SOLICITANDO O CAMBIO DE TITULARIDADE DO VEHICULO CON MATRICULA C-6849-BK**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, rexistro de entrada nº 297 en data 26/02/2013, no que comunica que a Xunta de Galicia cedulle en propiedade a este concello un vehículo con matrícula C-6849-BK destinado á recollida de lixo, mediante a Orde do 7 de xullo de 2006, sendo unha das obrigas do concello cesionario o pagamento do imposto de circulación de vehículos de tracción mecánica, e estando todavía a nome da Xunta de Galicia, solicítase que coa maior brevidade posible se realice o cambio de titularidade do vehículo.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as e acordan realizar os trámites oportunos ante a Dirección Provincial de Tráfico para o cambio de titularidade do referido vehículo.

**2.1.8.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, AUTORIZANDO A POSTA EN SERVIZO DA INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA DE 15 KW.**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria, rexistro de entrada nº 285 en data 22/02/2013, no que comunica a resolución de autorización a Posta en Servizo da instalación fotovoltaica de 15 kw situada na cuberta colexio público Armando Cotarelo.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

**2.1.9.- ESCRITO DO SERVIZO DE MOBILIDADE DA XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS OUTORGANDO UN PRAZO DE QUINCE DÍAS TRAMITACIÓN EXPEDIENTE DE SOLAPE DE CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO.**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo xefe do servizo de Mobilidade, rexistro de entrada nº. 295 en data 26/02/2013, no que se comunica posibilidade de examinar a documentación do expediente de solapa de concesións de servizo público regular permanente de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada de titularidade Arriva Noroeste, S.L., e Eleuterio López y CIA, S.L..

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

**2.1.10.- ESCRITO DE GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A. COMUNICACIÓN DE NOVOS PRAZOS CONTRATACIÓN SUBMINISTROS EVENTUAIS.**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado por Gas Natural Servicios SDG, S.A., rexistro de entrada nº 154 en data 01/02/2013, no que comunica que en caso de ser necesario a contratación de subministro eventual deberase presentar a solicitude nun Centro de Atención de Gas Natural Fenosa máis cercano con once días laborais de antelación debido aos novos cambios introducidos na normativa vixente no sector eléctrico.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

### **2.1.11.- ESCRITO DA AXENCIA ESPAÑOLA DE PROTECCIÓN DE DATOS EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE INSCRICIÓN DE FICHEIROS NO REXISTRO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS.**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Axencia Española de Protección de Datos, acompañado das correspondentes resolucións do Director, rexistro de entrada nº 234 en data 18/02/2013, no que comunica que se detectaron varios erros na configuración dos ficheiros enviados por este Concello para inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos (RXP) PADRÓN, AGENTES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, PARTICIPANTES EN ACCIONES DE PROMOCIÓN DE EMPLEO Y USUARIOS DEL SERVICIO DE REGISTRO MUNICIPAL.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as e acordan por unanimidade elevar ao Pleno o presente escrito para a súa rectificación.

### **2.1.12.- ARQUIVO DE EXPEDIENTE DENUNCIA PLANTACIÓN NA PARROQUIA DE ARCEO**

Pola secretaria dáse conta das actuacións levadas a cabo en relación coa retirada de plantación na finca número 114 da zona de concentración parcelaria de San Vicente de Arceo denunciada por Dña. María Budiño Astray.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo servizo de asistencia técnico-urbanística con data 11/02/2013 no que se informa que foron retiradas as árbores situadas a menos de 2 metros do lindeiro coa finca nº 113, ademais das situadas a menos de 4 metros do eixo do camiño, por unanimidade **ACORDA:**

**ÚNICO.-** Arquivar o expediente e comunicarllo á interesada.

### **2.1.13.- ARQUIVO DE EXPEDIENTE DENUNCIA XESTIÓN DE BIOMASA NA PARROQUIA DE ÁNXELES**

Pola secretaria dáse conta das actuacións levadas a cabo en relación coa xestión de biomasa da finca número 344 da zona de concentración parcelaria de Santa María de Os Ánxeles denunciada por D. Jesús Modia Serén.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo servizo de asistencia técnico-urbanística con data 11/02/2013 no que se informa que foi xestionada a biomasa na finca nº 344 obxecto da denuncia, eliminándose os rebrotes de eucaliptos e as árbores de recente plantación que existían na finca, por unanimidade **ACORDA:**

**ÚNICO.-** Arquivar o expediente e comunicarllo ao interesado.

## **3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS.**

### **3.1.- LICENZAS PERMISOS**

#### **3.1.1.- LICENZA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE PARA REFORMA E DOTACIÓN DE MEDIDAS MEDIOAMBIENTAIS NUNHA ESTACIÓN DE SERVIZO, UBICADA NO LUGAR DE CORREDOIRAS, PARROQUIA DE ÁNXELES, A INSTANCIA DE D. JUAN LÓPEZ SÁNCHEZ.**

Visto o escrito número 736 de data 25/05/2012 no que por D. Juan López Sánchez solicítase visita de comprobación ás instalacións destinadas á actividade de reforma e dotación de medidas medioambientais nunha estación de servizo, ubicada en Corredoiras, parroquia de Ánxeles, acompañada de certificación expedida polo técnico Eladio Bóveda González acreditando que se adoptaron as medidas correctoras impostas na licenza provisional outorgada por Decreto da Alcaldía de data 10/10/2003 e se conceda a licenza para a posta en funcionamento da actividade.

Considerando que o expediente foi tramitado polo Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas e disposicións complementarias e debido ao tempo transcorrido e en base ao informe emitido por D. Ángel Delgado Cid con data 23/07/2012, solicítase asesoramento na tramitación da licenza de actividade outorgada no ano 2003.

Recibida contestación con data 02/10/2012 rexistro de entrada nº 1590 do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no que se informa que a cualificación ambiental feita pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente o 27 de agosto de 2003 para a actividade obxecto da consulta é válida segundo a disposición transitoria do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental.

Realizada a visita de comprobación o día 18 de febreiro de 2013 por D. Ángel Delgado Cid para o outorgamento de licenza definitiva de actividade, no que se acredita mediante acta cumprimentada que a actividade axústase ao proxecto presentado e que se adoptaron as correctoras sinaladas na autorización provisional.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a D. Juan López Sánchez licenza definitiva de actividade de reforma e dotación de medidas medioambientais nunha estación de servizo sita no lugar de Corredoiras, parroquia de Ánxeles, actividade a desenvolver cumprindo as medidas correctoras que constan no expediente.

**SEGUNDO.-** Aprobar unha nova liquidación complementaria da taxa por licenza de apertura de establecementos en aplicación da ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Boimorto, (ao considerar que foi modificada esta ordenanza e que é aplicable dende o 1 de xaneiro de 2012), que deberá ser ingresada previamente, sen a cal a licenza non producirá efecto ningún.

Base imponible superficie ocupada = 102 m<sup>2</sup>

Tipo = 1 €/m<sup>2</sup>

Cota a ingresar: 102,00 €uros - 91,80 €uros ingresada con data 14/10/2003

Cota resultante a aboar: **10,20 €uros**

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao interesado e indicarlle que debe pasar polas oficinas municipais a retirar a licenza definitiva, xa que tal documento acreditaralle o dereito a exercer a referida actividade.

### **3.1.2.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 28-02-2013**

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D<sup>a</sup>. María del Carmen Barreiro Nouche con DNI nº 76515000A en calidade de representante do consello escolar do CPI Armando Cotarelo Valledor de Boimorto, e con domicilio en lugar Espiñeiro núm. 7, parroquia de Boimorto, deste termo municipal, no que solicita autorización para a utilización da casa de cultura o día 28/02/2013 de 21.00 a 24.00 h da noite para reunión de pais do colexio.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**ÚNICO.-** Autorizar á representante do consello escolar do CPI Armando Cotarelo Valledor de Boimorto, D<sup>a</sup>. María del Carmen Barreiro Nouche, o uso do salón de actos da casa de cultura para o día 28/02/2013 de 21.00 a 24.00 h da noite.

### **3.1.3.- AUTORIZACIÓN USO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL SOLICITADO A INSTANCIA DA ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA SANTIAGUIÑOS DE BOIMORTO.**

Vista a instancia de data 25/02/2013 subscripta por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Barreiro Nouche con DNI núm. 76515000A, actuando en calidade de representante da Agrupación Folclórica Santiaguíños de Boimorto con CIF G15223936, na que solicita autorización para utilizar o polideportivo municipal, os días 8, 15, 22 e 27 de marzo e 5, 12, e 19 de abril do presente ano en horario de 19:00 a 20:30 da tarde, así como tódolos días de semana santa -que neste caso será comunicado o horario, para ensaios do grupo.

Así mesmo, solicita permiso para o sábado 20 de abril en horario de 16:00 horas da tarde ás 2:00 da mañá do día 21 de abril para a celebración dos actos con motivo do 25º aniversario da agrupación folclórica onde haberá actuacións musicais e unha cea de fraternidade en horario comprendido entre as 21:30 e as 23:30 horas.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Autorizar a utilización do polideportivo municipal á Agrupación Folclórica Santiaguíños de Boimorto con CIF G15223936 para ensaios do grupo nas datas indicadas na parte expositiva do presente acordo.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal de acordo co establecido no artigo 6 da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa por utilización do polideportivo municipal nos seguintes termos:

.- Para a realización de actividades non deportivas con alumeado 18 €/hora, independentemente de que se cobre ou non entrada. (Cea de fraternidade).

Número de horas: 2 (Dende as 21:30 a 23:30 horas)

Importe total a aboar: **36,00 Euros.**

**TERCEIRO.-** Conceder a exención do pagamento da taxa por utilización do polideportivo municipal os días de ensaio do grupo, así como o día da celebración do 25º aniversario da asociación nas horas nas que se desenvolva as actuacións musicais, segundo o artigo 5 f) da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa por utilización do polideportivo municipal, por tratarse dunha actividade cultural promovida por unha entidade sen fins de lucro de ámbito municipal.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo á interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

#### **4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS**

##### **4.1.- URBANISMO**

Advirte a secretaria que debería sinalarse nos informes técnicos sobre se as edificacións nas que se pretenden obras menores de conservación ou reparación entran na categoría de tradicionais, fora de ordenación ou son obras con ou sen licenza urbanística, aos efectos de poder outorgar as licenzas menores, de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e non permitir obras en edificacións ilegais ou incoar no seu caso o expediente de reposición de legalidade e sancionador oportuno.

##### **4.1.1.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 4/2013) PARA SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA NA VIVENDA SITA NO LUGAR DE CANTO DO BALO Nº 10, PARROQUIA DE ARCEO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. PLÁCIDO FREIRE SÁNCHEZ.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Plácido Freire Sánchez núm. 76514838W, e con domicilio para os efectos de notificacións no lugar de Canto do Balo, 10 parroquia de Arceo, pertencente a este termo municipal, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 171 de data 05/02/2013 para a substitución do material

de cuberta na vivenda sita no número 10 do lugar de Canto do Balo, Arceo, (solo de núcleo rural) segundo presuposto e fotografías presentadas.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 11/02/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Plácido Freire Sánchez, con DNI núm. 76514838W (LO 4/2013) para a substitución do material de cuberta na vivenda sita no número 10 do lugar de Canto do Balo, Arceo (solo de núcleo rural) segundo presuposto e fotografías presentadas.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **5.137,50 €uros.**

Liquidación 2%: **102,75 €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Plácido Freire Sánchez, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

#### **4.1.2.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 5/2013) PARA PAVIMENTO DE ACCESO AO GALPÓN A BASE DE FORMIGÓN NO LUGAR DE CANTO DO BALO, PARROQUIA DE ARCEO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. PLÁCIDO FREIRE SÁNCHEZ.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Plácido Freire Sánchez núm. 76514838W, e con domicilio para os efectos de notificacións no lugar de Canto do Balo, 10 parroquia de Arceo, pertencente a este termo municipal, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 170 de data 05/02/2013 para o pavimento do acceso ao galpón a base de formigón no lugar de Canto do Balo, parroquia de Arceo, cunha superficie aproximada de 70 m2 (solo de núcleo rural) segundo presuposto e fotografías presentadas.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 11/02/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Plácido Freire Sánchez, con DNI núm. 76514838W (LO 5/2013) para o pavimento do acceso ao galpón a base de formigón no lugar de Canto do Balo, parroquia de Arceo, cunha superficie aproximada de 70 m2 (solo de núcleo rural) segundo presuposto e fotografías presentadas.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **1.871,80 €uros.**

Liquidación 2%: **37,44 €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Plácido Freire Sánchez, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

**4.1.3.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 6/2013) PARA REPARACIÓN DE CUBERTA (RETELLAR) E LIMPEZA E ADECENTAMENTO DAS FACHADAS DA VIVENDA SITUADA NO LUGAR DE COTO SALGUEIRO, PARROQUIA DE ÁNXELES, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. LUÍS MIGUEL VÁZQUEZ GARCÍA.**

Visto expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de D. Luís Miguel Vázquez García, con DNI nº 32831810T, e con domicilio para os efectos de notificación en Ronda Músico Xosé Castiñeira, 2, 6º A, 27002 Lugo, solicitude con entrada no concello nº 200 con data 11/02/2013, para a realización das obras de reparación de cuberta (retellar) e limpeza e adecentamento das fachadas da vivenda situada no lugar de Coto Salgueiro, parroquia de Ánxeles (solo de núcleo rural) segundo presuposto e fotografías presentadas.

Vista a autorización do Servizo de Vías e Obras Provinciais da Deputación Provincial da Coruña, da estrada CP-1001 de data 11/10/2012.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, con data 18/02/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor D. Luís Miguel Vázquez García, con DNI nº 32831810T (LO 6/2013), para a realización das obras reparación de cuberta (retellar) e limpeza e adecentamento das fachadas da vivenda situada no lugar de Coto Salgueiro, parroquia de Ánxeles (solo de núcleo rural) segundo presuposto e fotografías presentadas.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.

.- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.

.- Deberase axustar ao contido na autorización do Servizo de Vías e Obras Provinciais da Deputación Provincial da Coruña, da estrada CP-1001 de data 11/10/2012

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: **15.190,00 €**

Liquidación 2%: **303,80 €**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Luís Miguel Vázquez García, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.



**4.1.4.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 7/2013) PARA REALIZACIÓN DE OBRAS DE ENFUSCADO E PINTADO DE PARAMENTOS EXTERIORES DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA CASAL DE MUNÍN Nº 8 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. MANUEL RIAL VÁZQUEZ.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Manuel Rial Vázquez, con DNI núm. 33220472P, e con domicilio para os efectos de notificacións no número 8 da rúa Casal de Munín do núcleo urbano de Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1600 de data 05/10/2012 para o enfoscado e pintado dos paramentos exteriores dunha vivenda unifamiliar sita no número 8 da rúa Casal de Munín do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano) segundo memoria valorada redactada polo arquitecto técnico D. Gonzalo Navaza Mosteiro, colexiado nº 891.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 04/02/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Manuel Rial Vázquez, con DNI núm. 33220472P (LO 7/2013) para o enfoscado e pintado dos paramentos exteriores dunha vivenda unifamiliar sita no número 8 da rúa Casal de Munín do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano) segundo memoria valorada redactada polo arquitecto técnico D. Gonzalo Navaza Mosteiro, colexiado nº 891.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: **2.120,96 €uros.**

Liquidación 2%: **42,42 €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Manuel Rial Vázquez, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

**4.2.- OBRAS E SERVIZOS**

**4.2.1.- COMPROMISO DE REMISIÓN INFORMACIÓN ADXUDICACIÓN OBRAS INCLUÍDAS NA 1ª FASE E 2ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO “PLAN DTC-94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS”**

Vista a circular remitida pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, Servizo de Xestión de Plans, Sección Plans Provinciais, con entrada neste Concello nº 319 en data 28/02/2013, relativa ao prazo de adxudicación das actuacións e a xustificación do gasto corrente incluídas na 1ª e 2ª fase da anualidade 2012 do Plan DTC-94: Unha deputación para todos os concellos, no que se informa que antes do 15-01-2013 o concello deberá realizar unha das seguintes opcións:

A) Presentar a documentación xustificativa da adxudicación no prazo establecido nas bases reguladoras do Plan, que remata o 31-3-2013

B) Solicitar unha prórroga do prazo de adxudicación.

Considerando que nesta Xunta de Goberno Local procedeuse á apertura dos sobres das proposicións presentadas polas empresas que foron invitadas para tomar parte no procedemento nego-

ciado para a adxudicación da execución das obras incluídas no “Plan DTC-94: Unha deputación para todos os concellos”; os seguintes acordos realizarase por Decreto da Alcaldía, en uso das facultades delegadas na Xunta de Goberno Local en materia de contratación, por unanimidade

**ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Comunicar á Excma. Deputación Provincial da Coruña que este Concello se compromete a remitir información sobre as obras denominadas “Mellora de camiños en Campo da Lanza, Liñeiro, Pedreira, Quintás, Souto, Currás, Lobomorto e Ribadas” e “Mellora de camiños en Casal, Pazo, Carballido, Barral e Piñeiro”, obras incluídas no “Plan DTC-94: Unha deputación para todos os concellos” do ano 2012 antes do 31 de marzo de 2013, en cumprimento do disposto na circular indicada nos considerandos deste acordo.

**SEGUNDO.-** Certificación deste acordo sexa remitida á sección de Plans Provinciais da Excma. Deputación Provincial da Coruña aos efectos oportunos.

**4.2.2.- LICITACIÓN DA OBRA “MELLORA DE CAMIÑOS EN CASAL, PAZO, CARBALLIDO, BARRAL E PIÑEIRO” (EXPTE: COPNSP 1/2013)**

Visto o expediente de procedemento negociado tramitado en relación coa obra subvencionada pola Excma. Deputación Provincial da Coruña no Plan DTC 94: Unha Deputación para todos os concellos, para a execución da obra “Mellora de camiños en Casal, Pazo, Carballido, Barral e Piñeiro”.

Iniciado e aprobado dito expediente por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 29/01/2013, constando no expediente informe de data 22/01/2013 de Secretaría Intervención en relación con esta contratación e de existencia de crédito de Secretaría Intervención en relación á partida orzamentaria municipal para a anualidade 2013 2013.45.8H.62900 por incorporación de remanente de crédito aprobado en decreto da Alcaldía nº 6/2013 cun orzamento de execución por contrata de 37.053,71 €uros.

Remitidas invitacións para participar a: Antonio Filloy, S.A. CIF: A-36016665; Construcciones González y González, S.L. CIF: B-15165004 e Martínez Montes e Hijos, S.L. CIF: B-15025372.

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola secretaria en data 22/02/2013 que se reproduce literalmente:

ANABEL CORRAL CORRAL, SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

**CERTIFICO:**

Que en cumprimento do acordo adoptado en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada en data 29/01/2013 remitidas invitacións para a súa participación no procedemento negociado sen publicidade de contratación da obra de “Mellora de camiños en Casal, Pazo, Carballido, Barral e Piñeiro” e outorgado un prazo de oito días naturais para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas na data de hoxe presentanse por rexistro de entrada neste Concello:

.- Construcciones González y González, S.L. (con CIF B-15165004) presenta:

Sobre A con entrada nº 260 en data 21/02/2013

Sobre B con entrada nº 261 en data 21/02/2013

Sobre C con entrada nº 262 en data 21/02/2013

.- Antonio Filloy, S.A. (con CIF A-36016665) presenta:

Sobre A con entrada nº 272 en data 22/02/2013

Sobre B con entrada nº 273 en data 22/02/2013

Sobre C con entrada nº 274 en data 22/02/2013

.- Martinez Montes e Hijos, S.L. (con CIF B-15025372) presenta:

Sobre A con entrada nº 252 en data 21/02/2013  
Sobre B con entrada nº 253 en data 21/02/2013  
Sobre C con entrada nº 254 en data 21/02/2013

E para que conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Alcalde, en Boimorto a vinte e dous de febreiro de dous mil trece.

Vº e prace  
O alcalde:

A Secretaria:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>

Non sendo necesaria a constitución da mesa de contratación, procédese pola secretaria á apertura de Sobres A presentada por Construcciones González y González, S.L.; Antonio Filloy, S.A e Martínez Montes e Hijos, S.L.; sobre relacionado coa acreditación de capacidade quedando ambas empresas acreditada a capacidade e solvencia de ambas segundo a documentación aportada e os pregos que rexen a presente licitación.

Continúa a secretaria coa apertura dos sobre B das tres empresas e tendo en conta o regulado no prego de cláusulas administrativas particulares así como no artigo 151 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**ÚNICO.-** Remitir aos servizos técnicos municipais os documentos que integran o sobre B: referencias técnicas para que emita o informe técnico de valoración tendo en conta os criterios de adjudicación previstos na cláusula 15 en relación co Anexo IV do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aplicables a esta contratación.

**4.2.3.- LICITACIÓN DA OBRA “MELLORA DE CAMIÑOS EN CAMPO DA LANZA, LIÑEIRO, PEDREIRA, QUINTÁS, SOUTO, CURRÁS, LOBOMORTO E RIBADAS” (EXPTE: 2/2013)**

Visto o expediente de procedemento negociado tramitado en relación coa obra subvencionada pola Excm. Deputación Provincial da Coruña no Plan DTC 94: Unha Deputación para todos os concellos, para a execución da obra “Mellora de camiños en Campo da Lanza, Liñeiro, Pedreira, Quintás, Souto, Currás, Lobomorto e Ribadas”.

Iniciado e aprobado dito expediente por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 29/01/2013, constando no expediente informe de data 22/01/2013 de Secretaría Intervención en relación con esta contratación e de existencia de crédito de Secretaría Intervención en relación á partida orzamentaria municipal para a anualidade 2013 2013.45.7H.62900 por incorporación de remanente de crédito aprobado en decreto da Alcaldía nº 6/2013 cun orzamento de execución por contrata de 78.591,04 €uros.

Remitidas invitacións para participar a: Antonio Filloy, S.A. CIF: A-36016665; Construcciones González y González, S.L. CIF: B-15165004 e Martínez Montes e Hijos, S.L. CIF: B-15025372.

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola secretaria en data 22/02/2013 que se reproduce literalmente:

<<ANABEL CORRAL CORRAL, SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

CERTIFICO:

Que en cumprimento do acordo adoptado en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada en data 29/01/2013 remitidas invitacións para a súa participación no procedemento negociado sen publicidade de contratación da obra de “Mellora de camiños en Campo da Lanza, Liñeiro, Pedreira, Quintás, Souto, Currás, Lobomorto e Ribadas” e outorgado un prazo de oito días naturais para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas na data de hoxe presentanse por rexistro de entrada neste Concello:

.- Construcciones González y González, S.L. (con CIF B-15165004) presenta:  
Sobre A con entrada nº 263 en data 21/02/2013  
Sobre B con entrada nº 264 en data 21/02/2013  
Sobre C con entrada nº 265 en data 21/02/2013

.- Antonio Filloy, S.A. (con CIF A-36016665) presenta:  
Sobre A con entrada nº 275 en data 22/02/2013  
Sobre B con entrada nº 276 en data 22/02/2013  
Sobre C con entrada nº 277 en data 22/02/2013

.- Martínez Montes e Hijos, S.L. (con CIF B-15025372) presenta:  
Sobre A con entrada nº 255 en data 21/02/2013  
Sobre B con entrada nº 256 en data 21/02/2013  
Sobre C con entrada nº 257 en data 21/02/2013

E para que conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Alcalde, en Boimorto a vinte e dous de febreiro de dous mil trece.

Vº e prace  
O alcalde:

A Secretaria:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>

Non sendo necesaria a constitución da mesa de contratación, procédese pola secretaria á apertura de Sobres A presentada por Construcciones González y González, S.L.; Antonio Filloy, S.A e Martínez Montes e Hijos, S.L.; sobre relacionado coa acreditación de capacidade quedando ambas empresas acreditada a capacidade e solvencia de ambas segundo a documentación aportada e os pregos que rexen a presente licitación.

Continúa a secretaria coa apertura dos sobre B das tres empresas e tendo en conta o regulado no prego de cláusulas administrativas particulares así como no artigo 151 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**ÚNICO.-** Remitir aos servizos técnicos municipais os documentos que integran o sobre B: referencias técnicas para que emita o informe técnico de valoración tendo en conta os criterios de adxudicación previstos na cláusula 15 en relación co Anexo IV do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aplicables a esta contratación.

#### **4.2.4.- CONTRATACIÓN MENOR DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE ZONAS VERDES DO CONCELLO**

Vista a necesidade de contratación do servizo de mantemento de zonas verdes do Concello de Boimorto.

Considerando que a empresa Coregal Parques e Xardíns S.L. con CIF B15731797 ten capacidade como persoa xurídica para poder contratar con esta Administración aos efectos de prestación do servizo antedito.

Considerando que no orzamento de 2013 existe crédito na aplicación orzamentaria 17.22799 para facer fronte á contratación menor deste servizo, por importe 13.000 €ive incluído. Visto que se trata dun contrato menor de servizos en aplicación da normativa contida no

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, artigos 111, 138.3 e 10 en relación coa categoría de contratos de servizos do anexo II desta lei de mantemento e reparación, non podendo superar a contratación un ano en aplicación do artigo 23.3 nin ser posible a revisión de prezos deste contrato, en uso das facultades delegadas na Xunta de Goberno Local en materia de contratación, por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Realizar a contratación do servizo de mantemento de zonas verdes do Concello, a Coregal Parques e Xardíns S.L. con CIF B15731797, polo prezo de 13.000 € e incluído cunha duración de contrato ata 31/12/2013, estando a prestación deste servizo baixo as directrices da Alcaldía e segundo se describe a continuación:

1- Zona da Piscina Municipal:

